



2 ao 5 de XUÑO, 2011  
A CORUÑA

Beatriz Cebas - Xefa de Prensa  
[www.s8cinema.com](http://www.s8cinema.com)  
prensa@s8cinema.com

## Últimos días para inscribirse no Obradoiro e Xornada Kodak

- **Kodak e ATEGA únense á programación do (S8) cun Xornada de presentación de produtos Kodak e un Obradoiro de Cinematografía en 35 mm**
- **“Por que rodar en película” é unha xornada de entrada libre onde se presentarán os produtos Kodak en Super8, 16mm e 35mm**
- **“Rodar una película. Así de fácil” é un taller de cine en 35mm de prazas limitadas impartido polo director de fotografía Jesús Haro**

**A Coruña.-** Kodak e a Asociación de Técnicos do Audiovisual de Galicia (ATEGA) únense o sábado 4 de xuño á programación do (S8) 2º Mostra de Cinema Periférico. Trátase dunha sesión para profesionais que se divide nunha xornada de presentación de película Kodak e un taller de cinematografía en 35mm para profesionais. Este último obradoiro ten as prazas limitadas e a súa asistencia é baixo inscrición.

A **Xornada de presentación de produtos Kodak “Por que rodar en película”** terá lugar pola mañá e nesta xornada presentarase de forma libre e gratuíta os produtos Kodak de Super8, 16mm e 35mm.

Pola súa banda, o **Obradoiro de Cinematografía en 35mm “Rodar en película. Así de fácil”** celebrarase o sábado 4 de xuño pola tarde. Será impartido polo director de fotografía Jesús Haro. Durante o taller, as instalacións do Antigo Cárcere Provincial da Coruña converteranse nun improvisado estudo no que se rodará coa nova emulsión de película Kodak en 35mm tanto en exteriores como en interiores para revelar e proxectar con posterioridade.

O obradoiro está restrinxido a un máximo de 20 participantes. Os interesados aínda teñen a oportunidade de inscribirse na [página web de ATEGA](#) onde se poden descargar a solicitude de praza e as instrucións de matrícula. O prezo do obradoiro é de 100 euros (80 para socios de ATEGA) e inclúe todos os gastos de cámara, material de apoio de iluminación, negativo, laboratorio etc.

### ¿Qué é o (S8)?

O (S8) é un evento cinematográfico internacional que se celebra no Antigo Cárcere Provincial da Coruña do 2 ao 5 de xuño de 2011. A Mostra trae ás nosas pantallas unha estimulante mostra de cine experimental e de vangarda cuxo punto de partida e de referencia é o Super 8, un formato de referencia na escena audiovisual.